

MEMORIA XUSTIFICATIVA PARA A CONTRATACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS “EXECUCIÓN DE ACTIVIDADES DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DA VIALIDADE NA REDE VIARIA PROVINCIAL, ZONAS 5 E 6. 2024-2025”

1.- Xustificación da necesidade

A Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia establece que a administración titular de cada rede de estradas, como regra xeral, xestionará e explotará directamente o dominio público viario. Así mesmo, a citada lei, dispón que a explotación do dominio público viario comprende, entre outras, as operacións de conservación e mantemento do dominio público viario, que englobarán as actividades necesarias para preservar o estado dos seus bens e manter a vialidade da rede de estradas. Así, faise necesario levar a cabo as operacións que permitan conserva e manter a vialidade na mesma, garantindo a seguridade vial dos usuarios. Téndose contratada recentemente esta prestación no resto da rede viaria provincial, é preciso contratala tamén para a denominada zona 5 que inclúe as estradas que discurren polos concellos de A Fonsagrada, Ribeira de Piquín, Negueira de Muñiz e Navia de Suarna e para a denominada zona 6 que inclúe as estradas que discurren polos concellos de Becerreá, Cervantes, As Nogáis e Pedrafita do Cebreiro.

1.1.- Xustificación da insuficiencia de medios propios

Existen unha serie de factores que fan insuficientes os medios humanos e materiais dos que dispón a Deputación de Lugo para levar a cabo esta prestación:

- A lonxitude da rede viaria provincial na zona 5 e na zona 6 (máis de 330 km en cada unha delas) e a súa dispersión xeográfica poden esixir un importante número de persoal e medios en determinados momentos como as numerosas incidencias simultáneas que ocorren durante temporais de neve, vento e/ou choiva.
- O carácter imprevisto e sobrevido de moitas das incidencias a solventar (caída de árbores, desprendementos de noiros, accidentes de circulación, incidencias meteorolóxicas, etc.) conlevan unha dispoñibilidade horaria permanente.
- Moitos dos traballos precisan da utilización de equipos dos que non dispón a Deputación (camións quitaneves con saleiro, todoterreos quitaneves, equipo de pintado de marcas viais, hincadora de postes, etc.).


2.- Clasificación CPV

50230000-6: Servizos de reparación, mantemento e servizos asociados relacionados con estradas e outros equipos.

3.- Prazo de duración do contrato

O prazo de duración proposto é de UN (1) ano.

	IV7WECJYPVX2RPMN5XYUCBYV54	Fecha y Hora	20/02/2024 16:52:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ (DEPUTADO/A)		
Firmado por	HECTOR DIEGUEZ ARANDA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WECJYPVX2RPMN5XYUCBYV54	Página	1/5



4.- División en lotes

De conformidade co enunciado no artigo 99.3 da *Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público* considerase que procede a realización da prestación mediante a súa división en lotes debido a que, dada a lonxitude total do conxunto das estradas que conforman as zonas 5 e 6 e a súa dispersión territorial, o servizo será máis eficiente dividindo a prestación en dous lotes que se correspondan coas ditas zonas xeográficas, o cal facilitará a capacidade de resposta dos equipos ao ser menor o radio de acción que abarcan e permite optimizar os recursos.

5.- Orzamento de licitación

O orzamento base de licitación total do contrato é de **oitocentos oitenta e cinco mil cincocentos un euros e setenta e cinco céntimos** (885.501,75 €) e está integrado polos seguintes conceptos desagregados segundo os dous lotes:

Zona	5	6
Orzamento Execución Material:	306.916,48 €	308.058,00 €
Gastos Xerais (13%):	39.899,14 €	40.047,54 €
Beneficio Industrial (6%):	18.414,99 €	18.483,48 €
Importe total resultante:	365.230,61 €	366.589,01 €
IVE (21%):	76.698,43 €	76.983,69 €
Orzamento base de licitación:	441.929,04 €	443.572,71 €

Orzamento base de licitación total:	885.501,75 €
--	---------------------

O custo total (Orzamento de Execución Material) desagregase en custo directo e en custo indirecto no seguinte cadro:

Custo Directo (CD):	588.492,33 €
Custo Indirecto (CI=4,5%·CD):	26.482,15 €
Custe Total (€):	614.974,48 €

Dentro do custe directo atopamos os custes laborais ou de man de obra que se reflexan no seguinte cadro e que foron calculados en base ao vixente Convenio Colectivo de Edificación e Obras Públicas da provincia de Lugo:

Total custe m.o. (€):	436.134,86 €
------------------------------	---------------------

Considérase que o orzamento de licitación é adecuado ao mercado.

	IV7WECJYPVX2RPMN5XYUCBYV54	Fecha y Hora	20/02/2024 16:52:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ (DEPUTADO/A)		
Firmado por	HECTOR DIEGUEZ ARANDA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WECJYPVX2RPMN5XYUCBYV54	Página	2/5



6.- Responsable do contrato

Xefe unidade I Apoio, coordinación e xestión territorial.

7.- Vogais da mesa de contratación

Titular: Héctor Diéguez Aranda (Xefe do Servizo de Vías e Obras).

Suplente: José Fernández Parajes (Xefe Sección I Vías e obras/Enxeñeiro técnico de obras públicas).

8.- Aspectos varios

Criterios de adjudicación e ponderación dos mesmos

Propoñense os seguintes criterios de adjudicación, todos eles avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas, sendo a puntuación máxima á que darían lugar de 100 puntos:


1.- Oferta económica (ate 70 puntos): se puntuarán as ofertas proporcionalmente á baixada ofertada.

2.- Emprego de vehículos respetuosos co medio ambiente (ate 5 puntos): tendo en conta o establecido no artigo 145 da LCSP, as características medioambientais poderán referirse a medidas de aforro e eficiencia enerxética e a utilización de enerxía procedente de fontes renovables durante a execución do contrato. Entre os medios esixibles ao contratista atópanse dúas furgonetas. Valorarase que estes vehículos contén con algún dos dous distintivos ambientais da DXT máis respetuosos co medio ambiente (Etiqueta ECO ou Etiqueta 0 emisións). A puntuación neste apartado será a seguinte en función das etiquetas coas que contén os vehículos ofertados polo licitador, debendo estar estes dispoñibles dende o inicio da prestación e ao longo desta:

VEHÍCULO	ETIQUETA ECO	ETIQUETA 0 EMISIONS
Furgoneta 1	1 punto	2,5 puntos
Furgoneta 2	1 punto	2,5 puntos

De non ofertarse estes vehículos, a puntuación neste apartado será 0 puntos.

	IV7WECJYPVX2RPMN5XYUCBYV54	Fecha y Hora	20/02/2024 16:52:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ (DEPUTADO/A)		
Firmado por	HECTOR DIEGUEZ ARANDA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WECJYPVX2RPMN5XYUCBYV54	Página	3/5



3.- Execución de regas asfálticas con gravilla (ate 25 puntos): os tratamentos superficiais mediante regas con gravilla impermeabilizan o firme das estradas aumentando a súa durabilidade e melloran a adherencia dos vehículos incrementando a seguridade da circulación. É por isto que se valorará a execución, sen custe para a Deputación, de m² de Dobre tratamento superficial (rega con gravilla bicapa) con emulsión asfáltica C69B3 (ECR-3) con dotacións de ligante residual 1,5 kg/m² e 0,9 kg/m², e áridos A 12/6 e A 6/4 (con desgaste de Los Ángeles <30) e dotacións 10 l/m² e 6 l/m², incluso suministros, aplicación de ligantes, estensión, e compactación de áridos e limpeza e barrido previo e posteriores. Totalmente rematado.

A superficie ofertada polo adxudicatario, executarase nas estradas provinciais (sempre dentro da zona) que indique o Director Facultativo en base ás necesidades que éste aprecie, podendo éste distribuir a superficie total ofertada nas estradas e tramos que considere, en base ás necesidades de conservación que aprecie. A puntuación será a seguinte, en función da superficie ofertada polo licitador:

$$Pi = \frac{Si \cdot 25}{Smax}$$

Onde:

Pi= Puntuación da oferta "i".

Si= Superficie de dobre tratamento superficial, en metros cadrados, da oferta "i".

Smax= Superficie maior de dobre tratamento superficial das presentadas polos licitadores.

Medios materiais e persoais a adscribir ao contrato

Os medios materiais e persoais a adscribir ao contrato son os que figuran no apartado 2.3 do Prego de prescricións técnicas particulares. Así mesmo, neste apartado tamén figuran os que o Adxudicatario deberá ter disponibles coa disponibilidad necesaria para dar cumprimento ós prazos establecidos no Prego de prescricións técnicas particulares e ás ordes e comunicacións que reciba o Adxudicatario.

Penalidades específicas

As que figuran no apartado 3.3 do Prego de prescricións técnicas particulares.

Información sobre as condicións de subrogación

Para dar cumprimento ao establecido no artigo 130 da *Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público*, os servizos dependentes do órgano de contratación deberán facilitar ós licitadores, no propio prego, a información sobre as condicións dos contratos dos traballadores ós que afecte a subrogación que resulte necesaria para permitir una exacta avaliación dos custes laborais que implicará tal medida, debendo facer constar igualmente que tal información se facilita en cumprimento do previsto no referido artigo.

	IV7WECJYPVX2RPMN5XYUCBYV54	Fecha y Hora	20/02/2024 16:52:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ (DEPUTADO/A)		
Firmado por	HECTOR DIEGUEZ ARANDA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WECJYPVX2RPMN5XYUCBYV54	Página	4/5



Financiamento dos traballos executados no ámbito territorial doutra zona

Cando, de maneira excepcional e segundo o establecido no apartado 2.2 do Prego de prescricións técnicas particulares, o adxudicatario realice traballos no ámbito territorial doutra zona, estes deberán aboarse con cargo ao orzamento da zona onde se realizan os ditos traballos.

Determinación de prestacións que non poden ser subcontratadas

De conformidade co artigo 75.4 da LCSP, en tanto que o persoal adscrito á execución do contrato resulta insubstituíble (agás nos supostos legais de extinción ou suspensión do contrato e aqueles espazos temporais habilitados legalmente como vacacións, permisos, etc.), non se poderán subcontratar as actuacións incluídas no grupo I das indicadas no Prego de prescricións técnicas particulares, que en todo caso deberán ser executadas polo propio contratista principal.

En canto ao resto de aspectos a regular polo Prego de cláusulas administrativas particulares, suxírese que se apliquen os criterios que, con carácter xeral, se veñen aplicando polo Servizo de Contratación e Fomento ou aqueles que aprobe o órgano de contratación para a súa aplicación ordinaria.

O XEFE DO SERVIZO DE VÍAS E OBRAS,

Asdo: Héctor Diéguez Aranda

Conforme,
O DEPUTADO DELEGADO DE VÍAS E OBRAS,

Asdo: Miguel Fernández Méndez

	IV7WECJYPVX2RPMN5XYUCBYV54	Fecha y Hora	20/02/2024 16:52:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ (DEPUTADO/A)		
Firmado por	HECTOR DIEGUEZ ARANDA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WECJYPVX2RPMN5XYUCBYV54	Página	5/5

